



**MINISTERIO  
DE JUSTICIA**

**DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE PARA O EXPEDIENTE  
PREVIO AO MATRIMONIO CIVIL**

1.- **Solicitud de apertura de expediente**, dirixida ao Sr. Encargado do Rexistro Civil, asinada por ambos peticionarios e **declaración xurada** de cada un dos contraentes sobre o seu estado civil (impresos facilitados polo Rexistro).

2.- **ESTRANXEIROS**: No caso de ser solteiros, certificado de solteiría legalizado ou certificado de capacidade matrimonial (Depende do certificado que expide cada país). **(1)**

3.- **Certificado de nacemento LITERAL** de cada un dos solicitantes, legalizada no caso de ser estranxeiros e traducida no caso de non estar estendida en algún idioma español. *Os españois nados no estranxeiro deberán achegar certificado literal español de nacemento (do Consulado respectivo ou do Rexistro Civil Central. Non é válido o certificado do país de nacemento).* **(2)**

4.- Certificación o certificacións acreditativas da residencia de cada un dos contraentes **DURANTE OS DOUS ÚLTIMOS ANOS (3)**, expedida polo respectivo ou respectivos concellos e legalizada no caso de ser estranxeiros.

5.- **Fotocopia do DNI**, ou Permiso de Residencia ou Pasaporte de cada un dos contraentes. *(Os extranxeiros deberán achegar fotocopia completa do pasaporte, incluso das follas en blanco)*

6.- Para os **DIVORCIADOS**, certificación literal do matrimonio anterior na que figure a inscrición marxinal de divorcio, legalizada e traducida no caso de ser estranxeiros. Para os **VIÚVOS**, certificación literal do matrimonio anterior e certificación literal de defunción do cónxuxe anterior.

7.- No caso de ter fillos en común, certificado de nacemento destes ou fotocopia do Libro de Familia.

Esta documentación deberá ser presentada perante o Rexistro Civil do domicilio de cualquiera dos contraentes, comparecendo **ambos**, independentemente do lugar que escollan para celebrar o casamento **(4)**.

No caso de que algún dos contraentes resida, ou tivera residido durante os dous últimos anos, nalgunha localidade con censo de poboación superior a **25.000** habitantes, deberán acompañarse dunha **TESTEMUÑA** por cada un dos contraentes que estean neste caso, **cando presenten a solicitude**. Se residen ou residiron nos últimos dous anos nalgún concello con censo de poboación inferior a 25.000 habitantes non será necesaria a testemuña e publicarase Edicto no Rexistro Civil de tal poboación. **(5)**

**OBSERVACIÓN ESPECIAL**: Os contraentes que residan en calquera dos concellos que pertencen ao **Partido Xudicial de Ourense** deberán presentar a documentación perante este Rexistro Civil. Tamén poderán presentala no Rexistro Civil de Allariz se algún deles reside neste concello.

## **NON SINALE A DATA DA VODA ANTES DE PRESENTAR ESTA SOLICITUDE**

- (1) A legalización debe facerse no Consulado de España do país que expida o documento. No caso de países asinantes do Convenio da Haia, a legalización substitúese pola "Apostilla". Todo documento estranxeiro debe ser legalizado ou "apostillado", agás os indicados no apartado seguinte.
- (2) No caso de ser algún dos solicitantes de nacionalidade portuguesa, francesa, holandesa, suíza, italiana, alemana, belga, luxemburguesa, austríaca, turca, bosnia, croata, eslovena, macedonia, moldava, polaca, montenegrina ou serbia, poderán achegar certificación plurilingüe, exenta de legalización e traducción, adaptada ao Convenio de Viena de 8 de setembro de 1976.

Tampouco necesitan legalización os documentos expedidos por un país membro da Unión Europea dende o 16 de febreiro de 2019 (Reglamento CE 2016/1191), Suíza, Rusia e Turquía.

- (3) Cada un dos contraentes debe xustificar o seu domicilio nos dous últimos anos. Se estivo empadroadado en varios concellos deberá achegar o certificado de empadramento de cada un deles nos que se indiquen as datas durante as que estivera empadroadado. **O certificado de empadramento debe ter unha antigüidade máxima de 3 meses.**
- (4) A documentación debe ser achegada ao Rexistro Civil independentemente do lugar escollido para a celebración do matrimonio. Poderán casarse en calquera Rexistro Civil, Concello ou Notaría de España.
- (5) **No intre de presentar a solicitude** os contraentes deberán acompañarse dunha testemuña se residen o residiran nunha poboación con censo superior a 25.000 habitantes (Por exemplo, se ambos están empadroados no concello de Ourense deberán acompañarse de dúas testemuñas; se un deles está en Barbadás, pero no ano anterior estivo en Ourense, tamén deberán presentarse con dúas testemuñas).

***A documentación indicada é a esixida para o inicio do expediente. Durante a súa tramitación o/a Encargado/a e o Ministerio Fiscal poden solicitar a aportación de outro tipo de documentación e acordar a práctica de outro tipo de probas.***